

PREGUNTA DE AER SOBRE A FINCA DA GINARIA

PLENO 30 ABRIL 2015. ACTA 08/2015

Tendo en conta que nas condicións establecidas con AUDASA, establécese a compra e cualificación adecuada da finca rústica denominada LEITÓN de 34.000 m², e unha superficie adicada a servizos educativos de 10.000 m², preguntamos:

O cambio de cualificación urbanística para equipamento afectará á totalidade da finca ou só aos m² que se corresponden coa zona educativa e complementaria?

O alcalde sinala que se vai adquirir un terreo de 34.000 m² e a idea, de acordo cos informes técnicos, é facer un plan de dotacións para posibilitar a construción do colexio e da gardería, porque é moito máis áxil, pero isto non altera a cualificación urbanística do solo e calquera modificación que se faga haberá que incorporala ao plan xeral.